

Lingua 1º / Unidade 4 / Pide e dá información

Actividade

Enunciado: Destaca as palabras esdrúxulas e ponlle o acento gráfico ás que o precisen.

necora	firmamento	bretema	zapato	tecnico
maxico	satelite	bebida	temporal	cantico
mariño	exito	plastico	vitamina	vendedor

Solución

nécora	firmamento	brétema	zapato	técnico
máxico	satélite	bebida	temporal	cántico
mariño	éxito	plástico	vitamina	vendedor

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Identifica correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Identifica correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata catro erros.	Non identifica correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1 Identifica palabras esdrúxulas e aplica a súa regra de acentuación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 2

Enunciado: Que é unha palabra composta?

Solución

Aquela que está formada pola unión de dúas ou máis palabras.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1 Diferencia entre palabra simple e composta.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Conciencia e expresión cultural.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 3

Enunciado: Completa a táboa con catro palabras de cada.

Palabras simples	Palabras compostas

Solución

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1 Diferencia entre palabra simple e composta.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Conciencia e expresión cultural.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 4

Enunciado: Escribe o plural dos seguintes substantivos.

persoal: _____

pel: _____

pan: _____

turrón: _____

tambor: _____

marqués: _____

ollomol: _____

túnel: _____

ril: _____

xornal: _____

Solución

persoal: **persoais**

pel: **peles**

pan: **pans**

turrón: **turróns**

tambor: **tambores**

marqués: **marqueses**

ollomol: **ollomoles**

túnel: **túneles**

ril: **riles**

xornal: **xornais**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata seis erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1 Coñece e aplica as regras de formación do feminino e do plural dos substantivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia matemática.

Actividade 5

Enunciado: Volve escribir de forma correcta os femininos que están mal.

patrona _____ bisavoa _____

irmana _____ pastora _____

mecánica _____ aldeá _____

ladrona _____ curmana _____

leona _____ ferrolana _____

Solución

Patroa, irmá, ladroa, curmá, leoa, ferrolá.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa correctamente as palabras, sen cometer ningún erro.	Completa as palabras, e comete ata dous erros.	Completa as palabras, e comete ata tres erros.	Comete máis de seis erros.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1 Coñece e aplica as regras de formación do feminino e do plural dos substantivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Competencia matemática.

Actividade 6

Enunciado: Para que se empregan as fichas? Que partes debe ter?

Solución

Para clasificar e organizar información.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1 Recoñece a función das fichas e elabóraas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

Actividade 7

Enunciado: Completa o texto.

As _____ axudan a clasificar e _____ a información e facilitar a _____. Arquívanse en _____ ou _____ segundo a orde _____.

Solución

As **fichas** axudan a clasificar e **organizar** a información e facilitar a **arefa de consulta**. Arquívanse en **ficheiros** ou **base de datos** segundo a orde **establecida**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1 Recoñece a función das fichas e elabóraas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

Actividade 8

Enunciado: Que é a rima? Explica como pode ser.

Solución

É a repetición dos sons nas palabras finais a partir da última vogal tónica. Pode ser consonante (vogais e consoantes) e asonante (só vogais).

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen cometer ningún erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata dous erros.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1 Coñece e identifica os tipos de rima.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Conciencia e expresión cultural.

Actividade 9

Enunciado: Marca a rima e di de que clase é.

Preto da cidade de Ourense
camiño de Celanova,
onde é máis tépedo o vento
que á terra galega azouta,
dun círculo de montañas
na faldra, sempre verdosa,
exténdese un val florido.
Cuberto de herbas cheirosas

Curros Enríquez

Solución

Celanova
Azouta
Verdosa
Cheirosas
Rima asonante.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen cometer ningún erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1 Coñece e identifica os tipos de rima.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Conciencia e expresión cultural.

Actividade 10

Enunciado: Responde.

- A que se considera precursores do Rexurdimento? _____

- Quen son os principais autores desta etapa? _____

Solución

**Escritos publicados antes de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro en 1963.
Xoán Manuel Pintos, Marcial Valladares, Francisco Añón...**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1 Coñece os principais autores precursores do Rexurdimento.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Conciencia e expresión cultural.